

★★★★★ 0.0/5

Comentar (0)

+1 0

Gústame 0

Twitter < 0


Imprimir

Enviar por correo

TESANÍA

A nova linguaxe da tradición

Ana Castro converteu o tear en deseño de moda de vangarda grazas á Pasarela Cibeles



Ana Castro detrás do seu vello tear - FOTO: Ramsés

B.V./AGN . SANTIAGO | 08.08.2008

A- A
+

Ana Castro entrou no mundo da artesanía pola porta grande: a da pasarela Cibeles. Uns meses despois de abrir o seu obradoiro, no 2000, un coñecido deseñador ourensán pediulle que se encargase dos tecidos que presentaría na colección dese ano. "Dende aquela foi un non parar".

Ana herdou o gusto polo tear dunha tía avoa, pero non foi ela quen lle ensinou o oficio co que agora gaña a vida. Oriúnda da Terra Chá, marchou a Ourense seguindo o ronsel dun traballo que lle saíra á súa parella. Asentada nun pequeno concello da Limia, Sandiás, "sen moito no que pasar o tempo" topou de fronte cos teares mentres visitaba un museo. Alí impartíase un obradoiro de tecido. Ana lembrou á tía Hermitas e o moito que lle gustaba vela tecer, e o verme da curiosidade fixo o resto.

Que a Ana lle gusta tecer queda claro despois de falar con ela. "Que é o que máis me gusta do meu traballo? Encántame todo!", di, entre risas. As súas mans andan sobre todo entre o liño e a seda, ó 50 %, e gozan tanto de señaando unha colección como pensando nas pezas que levará a seguinte. Pero ser tecedeira implica ser autónoma, "un mundo á parte". O que a priori semella unha facilidade, a de non renderlle contas a ninguén, a ela non lle fai graza. "Ocuparse da parte administrativa obrígate a estar pensando en termos económicos, en que é o que máis se vende

Nestes días, traballa nunha colección para a vindeira temporada outono-inverno e non adianta nada sobre o que se levará. A incógnita tamén axuda a vender. No mundo do tecido, os chales e as bufandas son as pezas estrela. Pero neste obradoiro tamén se tecen teas "para xente que fai labores, coma as puntilleiras, que queren un retal de liño para faceren o seu propio chal", explica.

Ademais de tecer, Ana deseña as coleccións que pon no mercado. Facer a peza máis pequena, unha bufanda, require entre catro e seis horas de traballo. A inspiración vénlle do día a día, do seu estado de ánimo "e do colorido que vexo ó meu redor, na paisaxe".

Mergullada de cheo na conversa, mentres repasa unha xornada do seu traballo, a tecedeira lucense conta unha anécdota curiosa. "Nunha mostra de tecido, de todos os postos que alí había ningún se parecía en nada ao do lado", ri, para gabar a continuación as posibilidades do tear.

Aquí entra en xogo a principal diferenza que existe entre os tecidos de punto e os de tear: a maneira de cruzar os fíos. No segundo, o que ela manexa, o resultado é un tecido de trama e urdido, é dicir, os fíos crúzanse de xeito transversal ou lonxitudinal, respectivamente. Aínda que recoñece que oito anos non son dabondo para valorar se se pode ou non vivir da artesanía, o certo é que ela escolleu tecer como único oficio. "Non hai vacacións e pasas dez ou doce horas ó día entre teas, pero compensa saber que o que fas é o que che gusta".

E como ás veces todo é pouco para chegar a final de mes, Ana imparte cursos intensivos no seu obradoiro durante os meses do verán. O perfil de quen decide ir é o dunha muller de mediana idade cun traballo alternativo, que quere aprender a tecer nun tear tradicional ben por curiosidade ou ben por recordos dos anos da infancia. "Aprender o básico, que unha persoa poida montar un urdido e un tear ela soa, leva ó redor dunha semana".

▪ O PERFIL

Engaiolada como o primeiro día

Tras case unha década no eido da artesanía, Ana móstrase satisfeita cos cambios que este oficio foi colleitando tanto de cara ó consumidor coma de cara á Administración. Comercializa as súas pezas baixo a marca "Artesanía de Galicia" e recoñece que, aínda que non facilita a venda, si que proporciona un valor engadido: o dun nome consolidado. O que lle incomoda é "que se use o termo artesanía cando convén". Traballar coas mans non implica un produto artesanal. "Ser artesán require creatividade, imaxinación e paixón polo que fas", recalca.

Precísanse logo as súas ansias de innovar para non repetirse nunca, a súa imaxinación para decidir novos deseños sen saír das catro paredes dun obradoiro e a súa paixón para que, oito anos despois de sentar detrás do tear por primeira vez, siga tan enfeitizada co vello aparello coma o primeiro día.

Para escribir comentarios ás noticias, debes ser usuario rexistrado. **De non selo rexístrate agora**

Alias

Chave

Título

Comentario

1000 Caracteres dispoñibles

 enviar

www.galiciahoxe.com eliminará os comentarios considerados ofensivos ou que vulneren a legalidade.

publicidade



Máis visto

A prioridade de Alternativa: "os de abaixo"

Dimite Castelao Bragaña logo de dicir que "as leis son como as mulleres, están para violalas"

Feijóo afirma que a súa xestión evitou pedir esmola para as nóminas dos funcionarios

Entre o 10 e o 20% das explotacións de troita en Galicia están en risco de peche

[+ noticias](#)

[Portada](#) [Galicia](#) [Blogs](#)



Ante calquera dúbida, problema ou comentario nas páxinas de Galicia Hoxe envía un e-mail a info@galicia-hoxe.com. Titularidade e política de privacidade

© 2012 www.galiciahoxe.com
Todos os dereitos reservados. Prohibida a reprodución total ou parcial do contido sen a expresa autorización do propietario.

